

AA.VV.

1994

¡Fuera los extranjeros! Norte y Sur

Ilustrador/a

AA.VV.

84-288-1185-7

Editorial

Intermón/PPC

El Libro del buen humor

Páxs.

96

Materias

Globalización. Desigualdades económicas e sociais

Nivel de lectura

Medio. Banda diseñada

Recopilatorio de tiras de humor gráfico de Plantu, Quique, Romeu e Nando, agrupadas nos seguintes eixos: ¿Dos mundos?, Consumo, luego existo, De armas tomar; Ciudadanos de segunda. Múltiples recursos para comentar colectivamente.

Abdel-Qadir, Ghazi

2002

Las piedras que hablan

Ilustrador/a

84-263-4747-9

Editorial

Edelvives

Alandar, 4

Páxs.

138

Materias

Conflictos armados. Intifada. Palestina

Nivel de lectura

Medio

Retrato dunha aldea palestina que vive a ocupación israelí. Kamal, o protagonista, conta a súa vida cotiá, entre toques de queda, prohibicións, escasezas, mestres represaliados... E o debate en casa sobre como resistir á ocupación. Entre todos estes rebumbios, Kamal intenta escribir unha carta ao seu pai que traballa en Alemaña. ¿Que lle debe contar e que non? ¿Que pensará o pai da Intifada?

Adam, Peggy

2006

Luchadoras

Ilustrador/a

978-84-96722-08-8

Editorial

Ediciones Sinsentido

Páxs.

Materias

Dereitos da muller. Agresións sexistas. México

Nivel de lectura

Avanzado. Banda deseñada

En Ciudad Juárez levan desaparecido en dez anos máis de 600 mulleres. 400 morreron vítimas de agresións das súas parellas ou de descoñecidos. Ciudad Juárez é o triste símbolo, a nivel mundial, do maltrato ás mulleres. Unha historia gráfica de debuxo case expresionista, moi a ton co contido. Unha muller, a súa vida cotiá, amizades, ligues... E a vida, que non sempre volve comezar.

Aleixandre, Marilar

2000

A expedición do Pacífico

Ilustrador/a

84-8302-554-X

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 47

Páxs.

147

Premio Merlín 1994; Premio da Crítica, 1995

Materias

Exploracións. Feminismo. América Latina

Nivel de lectura

Medio

Primeiro foi o libro de ficción, logo a expedición: fermoso libro onde a memoria dunha viaxe de científicos españois do século XIX ao continente americano e a súa costa pacífica toma o corpo de literatura de ficción. Personaxes reais mestúranse con personaxes ficticios, entre eles Emilia, a rapaza polisón que logra acompañar aos expedicionarios. Terras virxes, a epopea do desenvolvemento da investigación naturalista e a viaxe iniciática da protagonista, en plena transformación cara á súa madurez son os alicerces da ficción. A descuberta de numerosos documentos auténticos que ampliaban os datos que se tiñan sobre aquela viaxe deu un novo sentido á obra de Marilar: un capítulo máis da historia da ciencia, abandonado nunhas caixas no CSIC, como tanto outro patrimonio cultural esquecido tras o exilio producido pola Guerra Civil.

Alfaya, An

2007

Illa Soidade

Ilustrador/a

978-84-9782-653-2

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 107

Páxs.

136

Premio Fundación Caixa Galicia de LX 2007

Materias

Cuarto mundo. Pobreza nas grandes cidades

Nivel de lectura

Avanzado

Un mergullo nun mundo descoñecido, incómodo, pero moi achegado á nosa realidade: o dos "sen teito" das grandes cidades. Dúas voces entrecrúzanse no libro: Lucía e Soa, unha estudante de xornalismo e unha esmoleira. As dúas coñécense de verense na rúa todos os días. Mentres unha inicia a súa carreira de xornalismo, a outra afástase voluntariamente na súa Illa. O Diario de Soa irá desvelando que non sempre foi así, ela tamén tiña unha familia, un fogar... Despois de ler o seu caderno, Lucía verase implicada nesta vida tan allea e tan próxima. Algo mudará nos seus proxectos.

Allende, Isabel

2002

La ciudad de las bestias

Ilustrador/a

84-9793-569-1

Editorial

Random H. Mondadori

DeBOLSILLO, 168-10

Páxs.

295

Materias

Biodiversidade. Culturas indíxenas. Amazonía

Nivel de lectura

Fácil

Primeira entrega dunha triloxía que achega unha reivindicación da biodiversidade e da conservación das culturas indíxenas, da man de Alex Cold e a súa avoa Kate, reporteira do National Geographic. A primeira aventura sitúase na Amazonía. A expedición terá que intentar atopar unha tribo de seres xigantes dos que pouco se sabe. Na viaxe, Alex coñecerá a Nadia, quen se convertirá na súa máis prezada amiga. E terá que enfrontarse a outros xeitos de vida chamados "arcaicos" desde o punto de vista urbano e occidental e comprobar o grande descoñecemento que encerra esa valoración. Aprenderá a soportar á dureza das condicións ecoxeográficas da selva e valorar a excelencia deste patrimonio da natureza. E rebelarase contra o uso depredatorio que o mundo desenvolvido fai da mesma.

Allende, Isabel

2003

El reino del dragón de oro

Ilustrador/a

84-8441-207-5

Editorial

Random H. Mondadori

Montena, Serie Infinita

Páxs.

332

Materias

Biodiversidade. Culturas indíxenas. Nepal

Nivel de lectura

Fácil

De novo, Alex Cold e Nadia enrólanse nunha expedición do National Geographic, convidadas pola avoa de Alex, a superreporteira Kate Cold. Esta vez viaxan á rexión do Himalaia, onde se enfrontarán ao secuestro de nadia e desvelarán os misterios en torno á estatua do Dragón de Ouro. De fondo, un retrato do Nepal, os moitos matices da súa riqueza cultural milenaria e a adaptación ao mundo contemporáneo. E a necesaria defensa da preservación das culturas indíxenas por riba da globalización uniformizadora.

Allende, Isabel

2004

El bosque de los pigmeos

Ilustrador/a

84-9793-571-3

Editorial

Random H. Mondadori

DeBOLSILLO, 168-12

Páxs.

220

Materias

Biodiversidade. Culturas indíxenas. África

Nivel de lectura

Fácil

Nesta terceira entrega da serie, Alex, Nadia e Kate Cold viaxan á selva tropical africana, o país dos pigmeos. A aventura céntrase na defensa dos animais salvaxes. Pero, coma nas outras viaxes, os tres protagonistas enredaranse en máis cuestións: a confrontación entre os modos de vida tradicionais dos indíxenas e o progreso ou barbarie; as consecuencias da colonización europea e o proceso de independencia dos países africanos, o poder das militares. Lectura sempre moi aproveitables desde distintos puntos de vista, alén da aventura. E todo parece indicar que a serie rematou...

Alonso, Fran

2006

Cartas de amor

Ilustrador/a

84-9782-489-X

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 97

Páxs.

127

Materias

Desigualdades sociais. Migracións. Conflictos. Dereitos da muller

Nivel de lectura

Fácil

Nove mulleres de diferentes condicións sociais escriben unha carta de amor, na que dan conta das súas inxedanzas, soños, decisións... Misivas que denuncian situacións de desigualdade, marxinação, aillamento, guerra e nos sitúan en diferentes contextos xeográficos. Nove maneiras de afrontar éo amor?, éo desamor?

Álvarez, Francisco

2007

Ratas en Manhattan

Ilustrador/a

978-84-7824-510-9

Editorial

Sotelo Branco

Medusa

Páxs.

116

Materias

Migracións. Identidade. Interculturalidade. Desigualdades económicas

Nivel de lectura

Medio

Dezaoito relatos ambientados na cidade de Nova York que expoñen a faciana máis escura e dura da gran metrópole. Emigración, soidade, marxinalidade... Os persoaxes de "Ratas..." viven na mestura de culturas, soños, escasezas, anxeios que identifican a todas as grandes metrópoles do mundo, nas que o ser humano ten que sobrevivir sen acubillo ningún.

Amiry, Suad

2004

Sharon y mi suegra

Ilustrador/a

84-7871-195-3

Editorial

RBA Libros

Páxs.

111

Materias

Conflictos armados. Intifada. Palestina

Nivel de lectura

Avanzado

Diarios de guerra de Ramala, Palestina. O subtítulo reflicte o contido desta obra. A autora escribiu estes diarios entre os anos 2001 e 2003, anos de dura ofensiva militar israelí nos territorios palestinos. A vida cotiá que se impón, por riba da ocupación israelí, os toques de queda, os bombardeos... O humor, a tenrura e a escritura como métodos de supervivencia na inqueda e a agresión permanente, na loucura da guerra.

Araújo, Jorge

2007

Comandante Hussi

Ilustrador/a Sousa Pereira, Pedro

978-84-8464-624-2

Editorial Kalandraka

Páxs. 63

Premio Gulbekiam

Materias **Conflictos armados e nenez. Guinea**

Nivel de lectura

Medio

Guinea. Hussi vive coa súa familia en Porto dos Batuquinhos. Ten moi poucas cousas: os irmáns, os pais, un balón e unha bicicleta, que aínda que non ten cadea colle ben as curvas. A bici é ademáis a súa amiga, quen tira del e o transporta aos mellores soños. Cando a guerra estala, Hussi quere conservar todo o que ten. Así que volve atrás en busca do pai e da bici. Unha viaxe ao inferno dos nenos soldado, do que Hussi volve, aprendido, invisiblemente ferido.

Arenal, Sandra

2004

No hay tiempo para jugar

Ilustrador/a **Chiesa, Mariana**

84-932004-6-8

Editorial **Media Vaca**

Últimas lecturas, 4

Páxs. **115**

Materias **Dereitos da nenez**

Nivel de lectura

Fácil

O subtítulo "Relatos de niños trabajadores" anuncia o contido. Son historias de nenas e nenos traballadores mexicanos, recollidas por Sandra Arenal na área metropolitana de Monterrey durante os anos 1990 e 1991. Sen concesións, reflicten a insoportable inxustiza de ser pobre. E a xordera/ceguera/mudez monumental na que se asenta o capitalismo.

Barceló, Elia

2001

La mano de Fatma

Ilustrador/a Sales i Roqueta, Jordi

84-8428-096-9

Editorial Alba Editorial

Mapamundi

Páxs. 183

Materias Interculturalidade. Túnez

Nivel de lectura

Fácil

Mara viaxa coa súa nai á Túnez, para coñecer aos seus tíos e curmáns. Non só é unha viaxe a un país exótico para ela, outro contexto xeográfico, o deserto e os oasis; tamén é un achegamento da man dos seus curmáns a outra maneira de vivir, de entender a historia e de analizar os tópicos sobre o Islam e a cultura árabe. Polo medio, un misterio que resolver sobre unha valiosa xoia, a Man de Fatma.

Benedetti, Mario

2004

Memoria y esperanza

Ilustrador/a

84-233-3652-2

Editorial

Destino

Imago mundi

Páxs.

91

Materias

Alterglobalización

Nivel de lectura

Avanzado

"Unha mensaxe aos xoves" é o subtítulo da obra. O autor analiza o poder de subversión e rebeldía que aniña na xuventude como un instrumento de esperanza, sempre e cando a xente moza sexa "decentemente" xove, sen cinismos, sen conformismo. O idealismo e a vitalidade da mocidade deben ser aproveitados para continuar na utopía -¿ou necesidade?- de cambiar o mundo. Un texto poético, a modo de testamento dun vello mozo.

Benjelloum, Tahar

2003

La escuela vacía

Ilustrador/a **Ordóñez, Miguel**

84-7901-439-3

Editorial **RBA Libros**

Páxs. **61**

Materias **Dereitos da nenez. Traballo infantil**

Nivel de lectura

Fácil

Unha escola nunha perdida aldea africana: Néant. Os alumnos non sempre acoden ás clases. O novo mestre quere coñecer que sucede: atopa perto da aldea unha fábrica onde cativos traballan na confección de calzado e balóns de coiro. Unha vez máis repítese a historia denunciada por Iqbal Masih, o neno escravo paquistaní, que logrou rachar co seu destino. Ben que o final da vida deste neno sexa dramático, o mestre non renuncia a liberar aos seus alumnos da ignorancia e a pobreza.

Berger, John

2002

Un séptimo hombre

Ilustrador/a **Mohr, Jean**

84-8374-346-9

Editorial **Huerga y Fierro**

La rama dorada, 24

Páxs. **252**

Materias **Migracións. Europa**

Nivel de lectura

Profesorado

Libro editado en 1974 por vez primeira, recolle a través de textos e fotografías, a dura experiencia de ser inmigrante en Europa. Pero inmigrante, tamén en moitas ocasións, europeo. A lírica das palabras de Berger non as fan menos terribles: unha necesaria vista atrás sobre quen eramos hai nada. Moitas posibilidades de extraer textos para as aulas.

Blair, David N.

1996

Cuidado con el cóndor

Ilustrador/a

84-204-4427-8

Editorial

Alfaguara

Serie roja

Páxs.

170

Materias

Culturas indíxenas. Conflictos armados. Pobreza. Bolivia

Nivel de lectura

Medio

Bartolina, unha nena campesiña aymara ten que ocuparse todos os días do rabaño de ovellas da familia. Pasa longas horas soa, vixiando a chegada do cóndor. Cando volve a casa tamén traballa. As condicións de vida dos indíxenas no altiplano son ben duras. Por se isto non abundase, o pai é recrutado para ir loitar na Guerra do Chaco. A familia terá que enfrontarse a uns anos de escaseza, de incertidume sobre o regreso do pai e ameazas permanentes dos viracochas. Bartolina medra e vai intentando comprender o mundo que a rodea. Trala sublevación da avoa contra os señores, Bartolina vese obrigada a fuxir a La Paz.

Caamaño, Adolfo

2006

O paxaro de mel

Ilustrador/a

84-9782-411-3

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 90

Páxs.

336

Materias

Exploracións. Interculturalidade. Etiopía

Nivel de lectura

Medio

Un mozo de finais do XIX, Mario, viaxa desde Italia a Abisinia para reencontrarse co seu pai, quen participa nunha expedición xeográfica. Mario descobre a beleza das terras sen explotar, culturas antergas... Conviven nunha alda de pastores e fai amizade con dous rapaces da súa idade, aos que, por veces acompaña co rabaño. Os tres veranse envoltos nunha arriscada aventura: deben perseguir unha caravana de tratantes de escravos. Ao perigo de seren descubertos se lles engade a dureza da selva que atravesan, o temor pola vida dos escravos, a fame e outras descubertas moi inquietantes. De fondo, a época do colonialismo e a chegada dos occidentais a África.

Caride, Ramón

2001

As aventuras de Said e Sheila

Ilustrador/a Prado, Miguelanxo

84-8302-706-2

Editorial Xerais

Páxs. 351

Materias **Impactos ambientais. Ciencia ficción**

Nivel de lectura

Fácil

Recóllense nesta obra catro das aventuras dos dous irmáns Said e Sheila, habitantes dunha época futura, que viaxan a distintas partes do planeta, sempre denunciando problemas ambientais. *Perigo vexetal*, *Ameaza na Antártida*, *O futuro roubado* e *A primeira aventura* son os catro episodios publicados conxuntamente. Todo un clasico da literatura galega ligada á reivindicación ecoloxista.

Caride, Ramón

2004

A negrura do mar

Ilustrador/a Prado, Miguelanxo

84-9782-496-2

Editorial Xerais

Merlín

Páxs. 162

Materias **Impactos ambientais. Ciencia ficción**

Nivel de lectura

Fácil

Neste volume inclúense tres aventuras dos irmáns Said e Sheila: *A negrura do mar*, *A primeira aventura* e *O misterio do prión*. Como suxiren os títulos, denuncias de graves problemas ambientais, ligados á memoria da Catástrofe do Prestige, -pero sen ser unha recreación literaria da mesma-, e a crise das vacas tolas. Entremedias, unha antiga aventura onde se desvela que foi dos pais de Said e Sheila.

Clément, Catherine

2006

El segundo viaje de Theo

Ilustrador/a

978-84-7844-967-5

Editorial

Siruela

Las tres edades

Páxs.

279

Materias

Relación ser humano e natureza. Impactos ambientais

Nivel de lectura

Avanzado. Profesorado

Teo e Marthe, sobriño e tía, teñen unha relación de absoluta franqueza trala primeira viaxe que fixeran xuntos para resolver as dúbidas de Teo sobre a relixión. Agora emprenden unha segunda viaxe, na que percorrerán puntos "quentes" do planeta en materia de impactos medioambientais e crises ecolóxicas. India con todos os seus excesos, a desecación do Mar de Aral, deforestación nas selvas tropicais, monocultivos, acumulación de lixo, depredación de recursos, industria nuclear, comunidades indíxenas... Sarcasmo e ironía enchen os debates entre tía e sobriño. De fondo, unha historia de amor e outra de desamor fan máis fluída a lectura desta obra. Complexa, porque non hai branco nin negro, presenta unha descripción bastante verosímil das contradicións que articulan a relación do ser humano coa natureza.

Climent, Paco

1999

El aprendiz de Stanley

Ilustrador/a

84-89854-85-8

Editorial

Ediciones del Bronce

Jóvenes del bronce, 6

Páxs.

131

Materias

Exploracións. Guinea Ecuatorial. Manuel Iradier

Nivel de lectura

Avanzado

Recreación das viaxes de Manuel Iradier y Bulfy, un moi pouco coñecido explorador basco, que se adentrou nas terras ignotas de Muni, actual Guinea Ecuatorial, en 1873. Con catorce anos funda, en Gasteiz, a sociedade La Joven Exploradora e coñecer ao mesmísimo H.M. Stanley, quen lle anima a facer realidade o seu desexo. Con dezanove anos viaxa ao país do Muni, por primeira vez, acompañado da súa muller, Isabel Urquiola, e a súa cuñada. Os tres coñecerán toda a dureza das viaxes de exploración. Lectura desmitificadora; moi interesante a redescuberta deste viaxeiro esquecido.

Delibes, Miguel; Delibes de Castro, Miguel

2005

La tierra herida. ¿Qué mundo heredarán nuestros hi

Ilustrador/a

978-84-233-3889-4

Editorial

Destino

Imago mundi, 71

Páxs.

173

Materias

Crise ecolóxica.Desenvolvemento sostible

Nivel de lectura

Profesorado

Diálogo entre pai e fillo. Neste caso o pai pregunta e aprende do fillo, contrapón a súa experiencia de anos e de observador incansable da natureza ao coñecemento experto do científico. De xeito moi asequible, expoñense preocupacións sensatas, nada alarmistas, sobre o equilibrio da natureza, os impactos creados polo ser humano e as súas consecuencias a curto e longo prazo. As respostas non nos levan a ningún lugar cómodo: non podemos ignorar por máis tempo os resultados da nosa pegada ambiental coma especie. A portada reflicte moi ben o contido. Tamén o subtítulo: "¿Qué mundo heredarán nuestros hijos?".

Diome, Fatou

2004

En un lugar del Atlántico

Ilustrador/a

84-264-1455-9

Editorial

Lumen

Narrativa

Páxs.

271

Materias

Migracións. Identidade. Senegal-Francia

Nivel de lectura

Avanzado

Historia contada desde Estrasburgo pero co corazón posto nunha illa do Senegal. Salie é unha muller independente que emigrou a Europa e vive nese estilo de vida urbano e occidental que enche a fantasía do seu pequeno irmán. El vive nunha aldea onde só unha persoa ten un televisor e para ver un partido de fútbol da selección hai que facer moitos méritos. Madické quere ser dos que "naceu en Francia". A súa irmá irá contándolle, a traveso de longas conversas telefónicas transcontinentais, as mellores xogadas dos partidos e tratará de destecer os veos que impiden ver a soidade e desarraigo no que ela vive. Tal vez a pequena illa sexa un moi bo lugar para vivir.

El Roto

2004

El libro de los desórdenes

Ilustrador/a

El Roto

84-397-1028-3

Editorial

Mondadori

Reservoir Books

Páxs.

175

Materias

Globalización. Dereitos sociais

Nivel de lectura

Medio. Banda deseñada

Colección de viñetas de humor? Gráfico, onde El Roto repasa, implacable, diversos aspectos do sistema no que vivimos: inmigración, dereitos dos traballadores, medios de comunicación epoder, capitalismo e bolsa, globalización económica e cultural, roles de xñenero, etc. De todo, pero todo moi cáustico. "O terrible transtorno da orde mundial" dise no limiar. Exactamente iso.

Ellis, Deborah

2002

El pan de la guerra

Ilustrador/a

84-263-4619-7

Editorial

Edelvives

Alandar, 8

Páxs.

144

Materias

Dereitos da nenez e da muller. Réximes autoritarios. Afganistán

Nivel de lectura

Fácil

Parvana está aprendendo a vivir nun país que non lembra a paz, Afganistán. Pero os últimos tempos son duros de máis. Na casa respírase un aire de liberdade e apertura cultural que contrasta coas obrigas impostas polo goberno dos talibán. Uns "barbudos" irrompen unha noite na casa e levan preso ao pai, un profesor de historia que xa se vira obrigado a abandonar o seu traballo. Parvana afrontará a situación cunha forte madurez e determinación. Que rápido deben medrar os nenos en determinadas partes do mundo... *Ven de publicarse "El viaje de Parvana", unha segunda historia coa mesma protagonista.

Fernández Paz, Agustín

1990

As flores radiactivas

Ilustrador/a Prado, Miguelanxo

84-7507-454-5

Editorial Xerais

Merlín

Páxs. 119

Premio Merlín 1989

Materias **Impactos ambientais**

Nivel de lectura

Fácil

Clásico da literatura xuvenil galega, ao ser lido case dúas décadas despois da súa primeira edición, resulta interesante comprobar como algunhas cuestións seguen vixentes hoxe en día. A historia desenvólvese en torno aos verquidos nucleares na foxa atlántica e o labor de vixianza e reivindicación que desempeñan as asociacións ecoloxistas.

Gaarder, Jostein

2004

Los niños de Sukhavati

Ilustrador/a

84-7844-814-4

Editorial

Siruela

Biblioteca Gaarder, 2

Páxs.

137

Materias

Diversidade cultural. Biodiversidade. Ciencia ficción

Nivel de lectura

Medio

A Terra recibe a visita de dous nenos, Lik e Lak, que proceden de Sukhavati, lugar cósmico e case atemporal. A súa viaxe responde a un grande desexo cumprido, pero tamén trae unha encomenda: deben facer saber aos humanos o fermoso que é vivir e o importante que son todas as formas de vida finita que hai no planeta Terra. Doses de realismo e ciencia ficción en función da mensaxe final: este planeta é o único que temos. Paga a pena quedar vivir nel?

Galeano, Eduardo

1998

Patas arriba. La escuela del mundo al revés

Ilustrador/a Posada, José Guadalupe

84-323-0974-5

Editorial Siglo XXI

Páxs. 365

Materias **Globalización. América Latina**

Nivel de lectura

Profesorado

Non hai mellor escola que o propio mundo. O problema é o que se aprende nel. A realidade educa desde o cinismo, desde o medo e a insolidariedade, desde a impunidade e a prepotencia do modelo económico mundial, desde a corrupción do poder político, educa na soedade ... Cartas varias de identidade da globalización que asola o planeta. O autor expón unha mancha de exemplos de como funciona o sistema, en distintos contextos xeográficos, sobranceando América Latina, a través dun texto principal e múltiples microrrelatos onde afloran vidas e vidas. De quen se fala, en definitiva, é das persoas silenciadas, das que están condenadas a sufrir aos listos da clase. Tamén hai, das 350 páxinas do libro, 25 dedicadas á contraescola: un convite ao "delirio", o que noutros tempos se chamaba utopía.

García Teijeiro, Antonio

2002

Trala liña do horizonte

Ilustrador/a Meixide, Andrés

84-263-4876-9

Editorial Tambre

Catavento, 2

Páxs. 116

Materias **Conflictos armados. Antibelicismo**

Nivel de lectura

Medio

Unha reflexión poética sobre a crueza e desolación da guerra. Dezanove relatos a modo de dezanove maneiras de coñecer o horror da guerra, enfiados por un neno e unha carpeta azul.

Giono, Jean

2004

El hombre que plantaba árboles

Ilustrador/a **McCurdy, Michael**

84-9716-314-1

Editorial **José J. de Olañeta**

El Barquero, 31

Páxs. **74**

Materias **Relación ser humano e natureza**

Nivel de lectura

Fácil

Un sinxelo e fermoso relato sobre un pastor da Provenza francesa que decide converter as súas horas de paciente espera co rabaño nun tempo fecundo. Trinta anos de acción humilde e perseverante converten as terras baldías en vizosos bosques. Moi necesaria lectura en tempos de montes queimados e transtornos climáticos.

Gómez, Ricardo

2007

7 cuentos crudos

Ilustrador/a **Alonso, Juan ramón**

978-84-675-2150-4

Editorial **SM**

Páxs. **140**

Materias **Conflictos armados. Desigualdades económicas e sociais**

Nivel de lectura **Fácil**

Sete contos crúos sobre un lugar que non é un bo sitio para nacer: o autor repasa a vida dos nenos nunha cidade dun país en guerra, o amor polo seu traballo dun carteiro en Bagdad, a preocupación dun pai que ve alonxarse á súa nena por un bosque con minas soterradas... Tamén hai unha metáfora sobre o consumismo, unha parábola sobre a supervivencia dos primeiros humanos, unha lembranza ao pobo saharai e unha metafórica crítica aos países imperialistas.

Greder, Armin

2003

La isla

Ilustrador/a

84-89804-66-4

Editorial

Lóquez

Páxs.

37

Materias

Migracións. Interculturalidade. Xenofobia

Nivel de lectura

Fácil. Álbum ilustrado

Un home chega a unha illa, arrastrado polo mar e o destiño. Os habitantes acólleno pero con moitas dúbidas e medos. O home é tan diferente... ¿Hospitalidade ou marxinação? Metáfora de tantas actitudes reais fronte ás persoas que chegan de súpeto, sen nada...

Implicadas/os no desenvolvemento

2007

O son das buguinas

Ilustrador/a Barros, Xulia

978-84-9782-515-3

Editorial Xerais

Páxs. 113

Materias **Riscos ambientais. Desigualdades económicas. ONG**

Nivel de lectura

Medio

Colección de sete relatos que amosan o traballo das Organizacións Non Gubernamentais en situacións de conflito, pobreza e/ou crise medioambiental. Myanmar, India, Senegal/Vigo, Saraievo, Sahara, Arxentina son os contextos xeográficos nos que a vida amósase con crueza mais tamén con esperanza. Un CD acompaña o libro con información sobre o traballo de Implicadas/os no desenvolvemento, sobre cooperación e sobre o Tsunami de 2004 ; tamén inclúe un xogo de cooperación.

Jáuregui, José Antonio

2006

Juicio a los humanos

Ilustrador/a

84-7871-598-3

Editorial

RBA Libros

Integral

Páxs.

205

Materias

Relación ser humano e natureza

Nivel de lectura

Avanzado. Profesorado

¿Un ensaio filosófico, en clave de fábula, sobre o lugar que o Ser Humano debe ocupar no Universo? Pregúntase o editor no limiar. Orixinalísima, divertida e aceda obra na que os animais se reúnen para someter ao Ser Humano a un Xuízo. Vistos desde os seus ollos, somos as máis das veces, ilóxicos, cínicos, prepotentes no concerto dos seres vivos. Un repaso de fondo a cuestións non só filosóficas, tamén ecoloxistas, antropolóxicas, sociopolíticas. Engádese ao final, un interesante anexo con fontes de documentación actualizadas sobre as cuestións que se revisan en cada capítulo.

Kayoko, Ikeda; Lummis, C. Douglas

2003

Si el mundo fuera una aldea de 100 personas

Ilustrador/a masumi, Yamauchi, Mitsuko, Watanabe

84-7669-625-6

Editorial leph Editores; Intermón O

La medianoche de El Aleph

Páxs. 61

Materias **Globalización. Desigualdades económicas e sociais**

Nivel de lectura

Fácil

Como indica o título, tratáse dun pequeno relato onde o mundo redúcese a unha aldea de cen persoas. A distribución de recursos e oportunidades é absolutamente desigual. Imprescindible pola sinxeleza e obviedade dos datos. Moi oportuno para traballar colectivamente na aula.

Lefèvre, Didier

2005

El fotógrafo

Ilustrador/a **Guibert, Emmanuel; Lemercier, Frédéric**

84-8449-704-6

Editorial **Glénat**

Delicatessen, 3 tomos

Páxs. **265**

Materias **ONG. Afganistán**

Nivel de lectura **Avanzado. Banda deseñada**

Mediante banda deseñada e reportaxes gráficas, Didier, fotógrafo, relata a súa experiencia real xunto con Médicos Sen Fronteiras en Afganistán, en plena guerra entre soviéticos e mujahidin. Unhas persoas intentan reparar o que outras destrúen. Con trazos amables, o fotógrafo retrata exactamente o contrario: compón unha intensa crónica da sinrazón da guerra e os seus efectos en humildes e anónimas persoas.

Lourenzo González, Manuel

1998

Tanis I o Moccos

Ilustrador/a

84-8302-268-0

Editorial

Xerais

Merlín

Páxs.

144

Materias

Organización política da sociedade

Nivel de lectura

Fácil

O príncipe herdeiro de Sofrovia debe asumir o trono á morte do seu pai. Tanis non ten moi claro que haxa que facer o papel de rei, pero xa postos, vaise tomar moi en serio o de gobernar segundo os ditados da súa conciencia. Mais o que el considera desexable para o seu pobo, non convence ao Real Consello. Recompón o Consello de Ministros, viaxa ao estranxeiro... Demasiadas e caóticas novidades para a Corte. Ás que haberá que sumar cuestionabeis costumes do novo rei como é a de non querer bañarse, o seu amor polo punk rock e as motos, e a relación que emprende coa herdeira ao trono do país viciño, inimigo por certo. Unha escachante metáfora sobre a organización do poder político e os sistemas de goberno.

Lourenzo González, Manuel

2003

Irmán do vento

Ilustrador/a

84-9782-055-X

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 72

Páxs.

197

Premio Merlín 2003

Materias

Conflictos armados. Irak

Nivel de lectura

Fácil

O profesor Luis Meira, investigador galego experto nas antigas civilizacións do Mediterráneo oriental, será o convidado da familia de Khaled, na súa longa estadía en Iraq. Entre guerra e guerra, o profesor decide, en 1997, quedar a vivir onda a etnia dos koblai, á que pertencen os seus amigos. Con eles vive a invasión de EEUU. A través das cartas que o mozo Khaled vai escribindo ao fillo do Doutor Meira, soñado amigo occidental, coñecemos os soños e realidades do mundo no que Khaled vive, a fermosa relación que mantén co seu pai e máis a crueldade da separación de ambos coa guerra. Khaled coñecerá o lado agre da vida máis non se resistirá. Empeñe unha difícil viaxe en busca do que ven de serlle arrebatado.

Mankell, Henning

2007

El secreto del fuego

Ilustrador/a

978-84-9841-073-0

Editorial

Siruela

Las tres edades

Páxs.

148

Materias

Conflictos armados e nenez. Mozambique

Nivel de lectura

Medio

Mozambique. Sofía vive coa súa familia a destrucción da súa aldea. Os sobrevivintes teñen que partir. Despois de moitos días camiñando, os que quedan asentaranse nunha aldea de refuxiados. Pero tampouco aquel é un lugar seguro: nos campos aínda quedan enterradas moitas minas antipersoa. Un día Sofía despístase á beira do camiño e unha mina estala baixo os seus pes. A historia que segue é dunha tremenda dureza, que aínda conmove máis pola delicadeza e exquisitez con que está escrita. África en estado puro. Persoas amabeis, sensatas, positivas, prisioneiras no horror da pobreza e dos estragos de guerras pasadas. Sen embargo, o final do libro é coma un luminoso sorriso. Desfaisenos levemente o no no estómago. Imprescindible.

Moure, Teresa

2007

A casa dos Lucarios

Ilustrador/a

978-84-9782-630-3

Editorial

Xerais

Fóra de xogo

Páxs.

94

Materias

Sociedade tradicional fronte a urbana. Identidade e territorio. Galicia

Nivel de lectura

Fácil

Un saboroso percorrido pola vida dos Lucarios en tres xeracións: desde os avós coñécense e casan ata o seu sesenta aniversario de vodas. Parte da Galicia rural da primeira metade do século XX e remata no 2007, sempre co punto de vista fixo na casa dos avós en Ferreira. Excelente retrato do paso de vida dos modos tradicionais ás sociedades urbanas e a capacidade das distintas persoas para permanecer ou mudar. Non hai un xuízo, é a descrición dunha evolución, con trazos propios de todas as culturas e outros fundamente galegos.

Nair, Sami

2001

La inmigración explicada a mi hija

Ilustrador/a

84-8450-423-9

Editorial

Plaza & Janés

De Bolsillo

Páxs.

159

Materias

Migracións

Nivel de lectura

Medio

Diálogo entre pai e filla onde ela lle demanda explicacións e pide contas sobre o tema ao que o pai ten dedicado infinidade de horas, horas de escritura e de activismo. O diálogo percorre todos os fíos económicos, políticos e sociais que interveñen no desprazamento das persoas: identidade, desigualdade de oportunidades, xenofobia, solucións políticas, solidariedade, etc. Engádense ao final textos legais sobre os dereitos e liberdades da poboación extranxeira en España. A pesares da data de publicación, hai cuestións que non mudan.

O'Callaghan i Duch, Elena

2007

El color de la arena

Ilustrador/a Santos Heredero, María Jesús

978-84-263-5921-6

Editorial Edelvives

Páxs.

X Premio de Ilustración CCEI

Materias Campos de refuxiados. ONG. Sahara

Nivel de lectura

Fácil. Álbum ilustrado

Abdulá coida do rabaño e pinta na area. Vive no deserto pero ese non é o lugar de onde procede a súa familia. Unha historia chea de sensibilidade e sinxeleza: un neno narra a súa cotidiandade e a través dela asomámonos á realidade dun campo de refuxiados saharai. Exquisitas ilustracións para unha historia para todas as idades.

Pérez de Tudela, César

2005

Cuaderno del Himalaya

Ilustrador/a Solé, Francisco

84-667-4707-9

Editorial Anaya

El Duende Verde

Páxs. 123

Materias Expedicións. Nepal

Nivel de lectura

Medio

Pérez de Tudela, coñecido explorador dos lugares máis recónditos do planeta, narra neste caderno unha expedición ao Himalaya no ano 1973. Preparación, encontros con vellos amigos montañeiros, dúbidas sobre o resultado. Toda a emoción e o exotismo dunha aventura real na alta montaña.

Pérez Díaz, Enrique

2001

Las cartas de Alain

Ilustrador/a Solé, Francisco

84-667-0619-4

Editorial Anaya

Sopa de libros, 66

Páxs. 96

Materias **Migracións. Cuba**

Nivel de lectura

Medio

Una dura historia sobre balseiros cubanos, narrada desde a prosa poética: Alain, o mellor amigo do narrador marchou nunha balsa cos seus pais. O protagonista bótao de menos e busca noticias del. Todas as persoas reciben cartas dos que non están. Alain tamén escribiu algunha. ¿Eran cartas reais ou soñadas? O amigo de Alain segue a esperar novas del. Se o can atopou o camiño de volta, ¿por que Alain non manda sinais?

Petit, Xavier-Laurent

2004

153 días de invierno

Ilustrador/a

84-263-5244-8

Editorial

Edelvives

Alandar, 50

Páxs.

150

Materias

Sociedade tradicional fronte a urbana. Mongolia

Nivel de lectura

Fácil

Ulam Bhat, Mongolia. Galshan vive cos seus pais nun barrio das aforas da cidade. Xoga na rúa e ve pasar aos turistas cara ao centro. Ás veces escapa co seu pai montar a cabalo. Esta harmonía é interrompida cando a familia toma a decisión de enviala pasar uns meses co seu avó, no campo. Un mundo excesivamente duro para quen sempre viviu na cidade. Galshan ten que sobrepoñerse á rudeza do avó e da estepa. En 153 días vive experiencias que non esquecerá máis. Cabalos, aves de cetrería e moito frío nestas páxinas que enganchan e evaden. * Ven de publicarse "Galshan" onde continúan as aventuras da protagonista.

Place, François

2000

Los últimos gigantes

Ilustrador/a Place, François

84-89396-50-7

Editorial Leopold Blume

Páxs. 78

Materias **Diversidade cultural. Biodiversidade. Exploracións**

Nivel de lectura

Fácil

1849, Sussex, Inglaterra. Un científico decide emprender unha viaxe de exploración ao "País dos xigantes" nas fontes do Río Negro. Un enorme dente cuberto de raros grabados é a única proba da que dispón sobre a existencia dese país. Relato escrito e ilustrado con gran sensibilidade no que se expón con fidelidade a época dos avances xeográficos, a dureza das viaxes de exploración e os terríbeis resultados da chegada da civilización europea a terras e culturas descoñecidas ata entón. Imprescindible.

Prado, Miguelanxo

2004

A mansión dos Pampín

Ilustrador/a Prado, Miguelanxo

84-85665-61-9

Editorial O Oficial de Arquitectos de

Proxecto Terra

Páxs. 47

Materias **Sociedade tradicional fronte a urbana. Identidade e territorio. Especula**

Nivel de lectura

Medio. Banda deseñada

Os pampín herdan a casa da aldea da tía Isolina. Unha herdanza que os faría millonarios, se non fose porque... O pelotazo urbanístico non os colle na posición máis acaída. Unha radiografía do proceso urbanizador das derradeiras décadas en Galicia. Só en Galicia?

Reimóndez, María

2006

Usha

Ilustrador/a Sende, Iván

978-84-9782-442-2

Editorial Xerais

Merlín, 164

Páxs. 146

Finalista do Premio Merlín 2005

Materias **Interculturalidade. ONG. India**

Nivel de lectura

Fácil

Usha pasa tempadas en Devastana, India, coa súa nai, unha médica galega que colabora cunha ONG. Usha escribe este caderno no que repasa as súas vivencias, os contrastes entre os dous mundos nos que vive, a Galicia natal e mariñeira da que procede, a familia e os amigos fronte o recuncho caloroso de Tamil Nadu, no que coñece outras linguas, outro xeito de vida, costumes, sentido relixioso, etc. Coa axuda da nai e da súa amiga Lakshmi, Usha poderá gozar de pertencer ás dúas partes dunha mesma laranxa planetaria.

Rivas Torres, Merçé

2001

Nassima, á sombra dos talibán

Ilustrador/a Lires, María

84-7680-360-5

Editorial Ir Indo

Contacontos, 20

Páxs. 105

Materias **Dereitos da nenez e da muller. Réximes autoritarios. Afganistán**

Nivel de lectura

Fácil

O pai de Nassima decide que a súa muller e a súa filla non deben seguir vivindo en Kabul, baixo o poder dos talibán. Horas antes de emprender a viaxe a Europa, Nassima fai unha escapada co seu amigo Mohamed, a un lonxano templo ao que nunca chegaran a ir. É un xeito de despedirse do país e do amigo. As experiencias que viven nesas horas retratan a dureza das condicións de vida nun país tomado polo poder relixioso integrista.

Sampedro, José Luis

2002

El mercado y la globalización

Ilustrador/a Sequeiros

84-233-3409-0

Editorial Destino

Imago mundi

Páxs. 103

Materias **Globalización. Alterglobalización**

Nivel de lectura

Avanzado. Profesorado

Necesaria obra na que o célebre economista repasa os conceptos básicos sobre capitalismo, mercado mundial e globalización. Moi útil para repasar e para traballar na aula. A organización do libro e o índice final de termos faina moi versátil. Excelente edición ilustrada por Sequeiros.

Sampedro, José Luis

2003

Los mongoles en Bagdad

Ilustrador/a Sequeiros

84-233-3575-5

Editorial Destino

Imago mundi, 41

Páxs. 129

Materias **Conflictos armados. Antibelicismo. Antiimperialismo. Iraq**

Nivel de lectura Avanzado. Profesorado

Desde un encontro ficticio entre un profesor xubilado español e un colega mogol, o autor presenta un ensaio crítico sobre a Guerra de Irak e o Terrorismo Útil. Cunha linguaxe e unha exposición moi asequibles, desenvolve todos os elementos que confluíron nesta nova acción brutal do actual imperialismo, citando nomes e fontes de documentación reais. A porta da esperanza ábrese desde a cita inicial: non permanecer nun escandaloso silencio.

Sarmiento, Carmen

2000

Los excluidos

Ilustrador/a

84-7901-603-5

Editorial

RBA

Páxs.

191

Materias

Desigualdades económicas e sociais. Culturas indíxenas

Nivel de lectura

Profesorado

Cadernos de viaxe, como a autora subtitula esta obra, no que se recollen experiencias e encontros con colectivos de persoas desposeídas en diversas rexións do planeta, o Cuarto Mundo, o da opresión e a inxustiza social. Tamén o paradóxico lugar onde reside a maior das dignidades e ganas de vivir. Percorre coa súa prosa de denuncia Guatemala, Brasil, Bolivia, Cuba, El Salvador, Bolivia, Filipinas, Camboxa... Un clásico do reporterismo, moi apropiado para extraer material complementario para a aula.

Satrapi, Marjane

2005

Persépolis

Ilustrador/a **Satrapi, Marjane**

84-8431-561-4

Editorial **Norma Editorial**

4 volumes

Páxs.

Premio ao Mellor Guión de Angoulême 2002

Materias **Réximes autoritarios. Interculturalidade. Migracións. Irán**

Nivel de lectura

Avanzado. Banda deseñada

Novela gráfica na que a autora presenta a súa autobiografía no contexto de cambio social que se deu en Irán nas décadas dos 80 e 90. Un sobresaliente exercicio de crítica e autocrítica, con ironía, lucidez e mesmo optimismo. De fondo, a guerra Irán-Irak, a emigración a Europa, os conflitos e inxerencias da adolescencia, as decisións da primeira madurez, a importancia das relacións familiares e da amizade, a loita pola liberdade individual e colectiva, o feminismo, o integrismo relixioso, etc. Unha delicia!

Schmitt, Eric-Emmanuel

2007

O Señor Ibrahim e as flores do Corán

Ilustrador/a

978-84-96957-09-1

Editorial

Factoría K de libros

Narrativa K, 2

Páxs.

61

Materias

Interculturalidade

Nivel de lectura

Medio

Momo é un adoelcente xudeu, orfo de agarimo dos seus pais. Ibrahim é o tendeiro musulmán do barrio xudeu. Dous solitarios habitantes nun barrio do París dos anos 60 traban unha amizade alén dos estereotipos das súas culturas e das súas idades. Unha e sempre necesaria vez máis, a amizade como guíndola salvavidas. A lectura deste libro deixa un pouso amable e esperanzado.

Sierra i Fabra, Jordi

2002

Nun lugar chamado guerra

Ilustrador/a

84-8288-540-5

Editorial

Galaxia

Costa Oeste, 36

Páxs.

151

IV Premio Abril de Narrativa

Materias

Conflictos armados e nenez.Ex-URSS

Nivel de lectura

Fácil

Un xornalista viaxa a Tudzbestán para cubrir informativamente a guerra civil. Un rapaz servirallo de intérprete e o introducirá no laberinto do conflito. Para Milo, o rapaz, é un xeito de sobrevivir; para o xornalista, a única maneira de poder facer o seu traballo. A pesar da desigualdade da relación, entre os dous medra un sentimento de amizade sincera. Unha parábola sobre o talento da nenez para sobrevivir física e emocionalmente en situacións de conflito. Tamén unha parábola sobre o proceso de independencia das repúblicas soviéticas.

Sierra i Fabra, Jordi

2003

La música del viento

Ilustrador/a

84-89854-23-8

Editorial

Ediciones del Bronce

Jóvenes del Bronce, 1

Páxs.

155

Materias

Esclavitud infantil. India

Nivel de lectura

Fácil

Un xornalista occidental descobre accidentalmente unha nota nunha alfombra, que o encamiña cara unha tenda-obradoiro en Madurai, India, onde traballan nenos escravizados. A historia remite a un personaxe real, Iqbal Masih, neno escravo que se rebelou contra a súa situación e logrou formar a Fronte de Liberación do Traballo Forzado de Pakistán. Ao final, engádese un pequeno anexo informativo.

Sierra i Fabra, Jordi

2003

El soldado y la niña

Ilustrador/a Piérola, Mabel

84-08-04915-1

Editorial Planeta

Destino Infantil y Juvenil

Páxs. 64

Materias Conflictos armados. Antibelicismo

Nivel de lectura

Fácil. Álbum ilustrado

Un soldado ve unha bala que voa directa cara a súa fronte. Xa non lle dá tempo nin a chorar, nin berrar, nin rezar. Espera ver pasar a súa vida nunha fracción de segundo e o que ve é unha nena... Acompañada de moitas preguntas. Poética historia cunha lóxica demoledora.

Sierra i Fabra, Jordi

2005

Material sensible. Cuentos crueles

Ilustrador/a VV.AA.

84-675-0464-1

Editorial SM

Páxs. 123

Materias **Dereitos da nenez. Desigualdades económicas e sociais**

Nivel de lectura FÁCIL

Unha dramática colección de pequenos relatos e fotografías, que reflicten situacións reais de inxustiza social. Coa prosa documental que o caracteriza, Sierra i Fabra expón situacións que coñece de primeira man, nun percorrido desolador polo mundo da nenez no planeta ¿humano?: Desprazados/Ablación/Turismo sexual/Nenos sicarios/Falta de auga/Minas persoais/Áreas de pobreza das grandes cidades/Refuxiados/Pateras no Estreito de Xibraltar/Tráfico de órganos/Nenos soldados/Matrimonios infantís concertados/Sida/Adolescentes suicidas en contextos bélicos/ Globalización de hábitos de vida occidentais/Conflicto palestino-israelí/Integración cultural de inmigrantes. Imprescindible.

Sierra i Fabra, Jordi

2006

Chamando ás portas do ceo

Ilustrador/a

84-8349-003-X

Editorial

Rodeira

Periscopio, 21

Páxs.

286

Premio Edebé de Literatura Xuvenil

Materias

ONG. Interculturalidade. India

Nivel de lectura

Fácil

Silvia, unha estudante de medicina catalana, escolle pasar as súas vacacións de verán na India, colaborando cunha ONG nun hospital dunha aldea perdida. Os contrastes que vive afírmana no seu desexo de querer cambiar o mundo. A experiencia tamén lle serve para facer repaso a cuestións coma o amor, a amizade, a conflictiva relación co seu pai, o entorno social e económico no que viven... Un intenso verán do que volve transformada.

Sierra i Fabra/ Jordi

2002

La piel de la memoria

Ilustrador/a

84-263-4860-2

Editorial

Edelvives

Alandar, 1

Páxs.

195

Materias

Esclavitude infantil. Migracións. Sahel

Nivel de lectura

Fácil

Malí: un pai vende ao seu fillo para liberalo da pobreza pero Kalil Mtube pasa a converterse nun escravo dunha plantación de cacao. A dorosa experiencia é mitigada polo amor que sente por Naya. Non só coñece a esclavitude, tamén a enfermidade, a tortura, as violacións, os nenos soldado... Un desgarrador retrato da África subsahariana, onde, polo de agora, os raios de esperanza sempre están na determinación íntima e na calidade humana de cada persoa, non no exterior.

Skármeta, Antonio

2000

La composición

Ilustrador/a Ruano, Alfonso

84-348-6848-2

Editorial SM-Ekaré

Páxs. 36

Materias **Réximes políticos autoritarios**

Nivel de lectura

Fácil. Álbum ilustrado

Pedro e os seus amigos xogan ao fútbol na rúa. Ven o que sucede: o pai dun amigo é levado preso porque está en contra da dictadura. Pedro pregunta na casa. Na escola preguntanlle a el. ¿Como sortear os interrogatorios velados nun réxime autoritario, cando se é neno e non se sabe que é exactamente o que hai que calar?

Tashjian, Janet

2005

El mundo según Larry

Ilustrador/a

84-666-1991-7

Editorial

Ediciones B

Páxs.

219

Materias

Globalización. Consumismo. Redes informáticas. Medios de comunica

Nivel de lectura

Medio

Larry ten unha web desde a que espalla consignas antiglobalización co obxectivo de contribuir a cambiar o mundo, golpeando nas consciencias dos seus ciberlectores. Josh e Beth son dous deles, moi implicados nas mesmas ideas que Larry. A web de Larry chega a ser visitada por milleiros de persoas. O propio Bono, de U2, faise cómplice das súas mensaxes. Tanta presenza nos medios fai que alguén se sinta moi interesado en descubrir quen é o tal Larry, como e onde vive. Trepidante e orixinal historia na que o mundo real e o virtual amosan unhas fronteiras moi esvaídas. Arrepía o poder que teñen os medios de comunicación para distorsionar e extorsionar a realidade.

Tschinag, Galsan

1995

Cielo azul

Ilustrador/a

84-7844-222-7

Editorial

Siruela

Las tres edades, 37

Páxs.

160

Materias

Sociedade tradicional. Mongolia

Nivel de lectura

Medio

O autor narra experiencias da súa nenez desde a emoción e o realismo. A vida nómada nas estepas de Mongolia, a dureza das condicións ecoxeográficas, a estreita e nada bucólica relación coa natureza ábrennos a un mundo xa lonxano na sociedade urbana e occidental contemporánea. Conmovedora historia dun neno, o seu can, a súa avoa e a paisaxe extrema na que viven.

Vallbona, Rafael

1999

El amigo del desierto

Ilustrador/a

84-89854-51-3

Editorial

Ediciones del Bronce

Jóvenes del Bronce, 3

Páxs.

189

Materias

Interculturalidade. Marrocos

Nivel de lectura

Fácil

Un instituto de Cataluña: Abdell e Albert son compañeiros, pero a súa situación de partida non é a mesma. Albert vive onde naceu e pertence a unha familia acomodada. Abdell é fillo dunha humilde familia de inmigrantes marroquinos. Albert terá que defender ao seu amigo da intolerancia de moitos compañeiros no instituto. A cambio, a amizade entre os dous mozos reforzarase. Unha fermosa viaxe de verán polas terras de Abdell reafirmará a Albert no valioso que é apreciar o diferente: atravesarán Marrocos ata Ouzarzate e o deseto do Sáhara.

Ziegler, Jean

2000

El hambre en el mundo explicada a mi hijo

Ilustrador/a

84-7669-416-4

Editorial

El Aleph

a Medianoche de El Aleph, 1

Páxs.

127

Materias

Globalización. Fame

Nivel de lectura

Avanzado

O autor mantén unha conversa co seu fillo na que trata de resolver as preguntas que lle fai o mozo, estupefacto e indignado ante as inxustizas que se producen a cotío no mundo, ante a desigualdade social en aumento, ante a fame, espello monstruoso da orde mundial. Un repaso moi accesible a datos históricos, económicos, políticos que amosan parte dos terribles pasos dados ata a situación actual de globalización económica e exclusión dos máis pobres. Todo un experto en un rexistro moi asequible.

Ziegler, Jean

2003

Los nuevos amos del mundo

Ilustrador/a

84-233-3490-2

Editorial

Destino

Imago mundi, 29

Páxs.

353

Materias

Globalización

Nivel de lectura

Profesorado

Ensaio no que se recolle toda a máis inconfesable información sobre "os señores do capital financeiro globalizado". O autor leva anos traballando e publicando sobre -en contra- deste tema. É comisionado especial da ONU para o dereito á alimentación. A análise desta situación o leva a denunciar desde todos os ángulos, o actual sistema de mercado mundial no que " os banqueiros, os altos executivos das multinacionais e os especuladores bursátiles son depredadores que acumulan cartos, destrúen a forza política dos Estados e devastan a Natureza e os seres humanos". Moi necesaria lectura para o profesorado.

Zubizarreta, Patxi

2001

De fel e mel

Ilustrador/a

84-8302-678-3

Editorial

Xerais

Fóra de xogo, 55

Páxs.

144

Materias

Migracións. Interculturalidade. Marrocos-Euskadi

Nivel de lectura

Fácil

O título recolle o sabor agri doce que ten a historia de Selim, un mozo que viaxa desde a súa aldea natal, no Atlas marroquí, ata o País Basco. O seu obxectivo é chegar a Francia. Marraquech, Xauen, Gasteiz son os escenarios nos que Selim descobre os claroscuros do seu soño. Contrabando de emigrantes, iniciación sexual, amizade e soedade, explotación laboral, a beleza da paisaxe das montañas bascas e un final aberto e sorprendente. Un libro no que se mesturan a denuncia social e a esperanza.

Zweig, Stefanie

2004

Corazón kikuyu

Ilustrador/a

84-263-5186-7

Editorial

Edelvives

Alandar, 43

Páxs.

212

Finalista premio Alemán de LX, Lista de Honor IBBY

Materias

Migracións. Interculturalidade. Kenia

Nivel de lectura

Avanzado

Vivian, unha rapaza alemana, acompaña ao seu pai no exilio en Kenia. Na aldea na que viven, a pesar de ser a nena branca, traba unha fonda amizade con Jogona, un rapaz kikuyu. Co tempo chega a sentirse totalmente identificada co pobo de acollida. África será a súa terra. ¿E a do seu pai?